

Sonia Lebedynski:

O seu contacto coa música comeza aos sete anos iniciando os seus estudos musicais de canto.

No ámbito artístico desenvólvese dende os seus comezos na música Folk, tendo algún contacto tamén con outras músicas como o funky ou clásica.

Ten colaborado en numerosos proxectos como Son Delas, Ball Cans, Sete Saias, Asociación Cultural Barbantía, Conservatorio Tradicional e Folque de Lalín e grabado para diversos discos como Fia na Roca, Susana Seivane, Camaxe, Seare, Asociación Galega de Gaiteiros Galegos...

Participou no filme do grupo canadense "La Bottine Souriante" sobre a súa xira europea con motivo do seu 25 aniversario para o cal interpreta a dúo un tema co cantante solista da "Bottine" Yves Lambert.

Na actualidade forma parte do grupo Fia na Roca co que xa ten grabado tres discos e participa en numerosos proxectos.

No ámbito docente actualmente é Mestra en Educación Musical e pedagoga, imparte clases de música na ensinanza primaria, e Música para adultos na Escola de Música Municipal de Boiro. Ademáis imparte cursos de canto por diversos puntos da xeografía galega.

CURSO: Educación para a voz

Dende a Escola de Música queremosvos ofrece-la posibilidade tando ós alumnos da escola como a todos os que vos queirades achegar aquí, a que coñezades e experimentedes as posibilidades e recursos do instrumento por excelencia, a voz. O curso vai dirixido a todas aquelas persoas que queiran achegarse á técnica vocal como recurso ou como prevención de patoloxías polo uso incorrecto da mesma.

Da man dunha voz con nome propio dentro da música galega adentrarémonos de cheo nos mecanismos que fan posible que se produza a voz e coñeceremos os recursos que nos ofrece así como un uso correcto que evite o desenrolo de patoloxías.

OBXECTIVOS DO CURSO:

- Coñecer a fisioloxía da voz.
- Adquirir técnicas ás que recurrir á hora da interpretación vocal.
- Coñecer e experimentar as diferentes posibilidades que nos ofrece a voz.
- Comprender a relación de procesos que conlevan unha técnica vocal adecuada.

- Coñecer as causas da fatiga vocal e as patoloxías nas que deriva.
- Adquirir bos hábitos tanto á hora de empregar a voz como á hora de coidala.

CONTIDOS:

- Fisioloxía da voz.
- Mecanismo respiratorio e técnica respiratoria.
- Relaxación.
- Postura Corporal.
- Técnica vocal.
- A impostación.
- A articulación.
- Clasificación vocal.
- Patoloxías da voz.
- Hixiene vocal.

DIRIXIDO A:

O curso vai dirixido preferentemente a todas aquelas persoas que empreguen a súa voz como instrumento.

Data: 1 e 2 de Decembro de 2007

Horario: de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00

Prezo: 30 € (alumnos da Escola 10€)

Número de prazas: 20 activos.

Nome: _____
Dirección: _____
Correo electrónico: _____
Profesión : _____

INSCRIPCIÓN

DNI: _____
Tlf.: _____

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN DO CURSO

Prezo: 30 € (alumnos da Escola 10€).

O ingreso da matrícula deberá ser en efectivo na Escola de Música ó inicio do curso.

Ó remate do curso entregarase ós asistentes un certificado acreditativo do curso realizado.

Número de prazas:

Asignaranse por estricta orde de chegada

Lugar: Escola de Música. Centro Social de Boiro

Prazo de Inscripción: do 19 ó 30 de Novembro de 2007.

Escola de Música Municipal de Boiro
Centro Social
Rúa Manuel María S/N
15930 Boiro
Tlf. 981842635
escolademusica@todofume.com



Escola de Música

CONCELLO DE BOIRO

CURSO:

Educación para a Voz



Impartido por:
Sonia Lebedynski
